



CONCURSO FOTOGRÁFICO CALENDARIO MUNICIPAL 2018

1. OBXECTO

O Concello da Coruña promove o Concurso Fotográfico “Calendario Municipal 2018”, coa intención de facer participar ás coruñesas, coruñeses e visitantes da cidade no calendario municipal que tradicionalmente edita. O calendario consta de 24 fotografías, 12 delas antigas en branco e negro e outras 12 actuais en cor, ademais dunha fotografía na primeira páxina. Este concurso servirá para seleccionar as 12 fotografías actuais, en cor, do calendario municipal para o ano 2018 e, se así o decide o xurado, da primeira páxina.

2. BASES

2.1. O concurso é de participación aberta.

2.2. As fotografías teñen que realizarse no termo municipal da Coruña.

2.3. O tema das fotografías é único: **A Coruña e a súa relación co mar** como parte esencial da súa identidade. O mar como paisaxe emocional, como motor da actividade económica e social dos e das coruñesas, o mar como espazo de lecer e como espazo de reflexión cara ao futuro, de concienciación da nosa contorna, como ben común.

2.4. Cada participante poderá enviar até un máximo de 3 fotografías.

2.5. As fotografías terán que ser en cor e non poderán levar ningunha marca identificativa do autor ou autora.

2.6. As fotografías terán estas características: un arquivo dixital formato JPG dun mínimo de 3 megapíxeles.

2.7. As fotografías deberán ser enviadas como arquivo adxunto dun correo electrónico, ou por We Transfer, ao seguinte enderezo de correo electrónico: **concursofotografico@coruna.es**. No asunto deberase indicar “Concurso calendario municipal 2018”. No caso de que o envío conste de máis dunha fotografía, requírese que sexan enviadas nun arquivo Zip.

2.8. Previo consentimento do autor ou a autora, as fotografías poderán ser reencadradas para a súa adaptación ao formato do calendario, onde serán publicadas no seguinte tamaño: 13,5 cm (ancho) x 9 cm (alto), no caso das fotos interiores, e 22 cm (ancho) x 10,5 cm (alto) no caso da primeira páxina.

2.9. No correo electrónico no que se adxunten a/as fotografía/as ten que figurar o nome e apelidos da persoa participante, DNI, dirección postal e un teléfono de contacto.

2.10. Os arquivos das fotos deberán incluír o nome do autor ou a autora, para facilitar a súa identificación.

2.11. Non se admitirán fotomontaxes pero si o mínimo retoque dixital que se puidese acadar cun revelado analóxico.

2.12. O prazo de presentación das fotografías abrirase o 1 de outubro de 2017 e rematará o 1 de novembro de 2017.

2.13. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte dos e das participantes de que posúen os dereitos de autoría sobre as fotografías presentadas ao concurso e dispoñen, ademais, da autorización e o permiso das persoas que poidan aparecer de forma recoñecible nas imaxes, recaendo sobre os e as autoras a responsabilidade derivada do dereito á intimidade e á propia imaxe.

2.14. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte dos e das participantes de que, no caso de resultar elixidas como gañadoras as súas fotografías, cederán gratuítamente ao organizador os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública sobre elas, sen máis limitación de medios, tempo ou espazo xeográfico que as legalmente establecidas.

2.15. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte dos e das participantes de que quedan informados e autorizan o tratamento dos seus datos persoais. As persoas participantes poderán acceder, rectificar ou cancelar tales datos, así como exercer o seu dereito de oposición, nos termos establecidos na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, mediante correo electrónico dirixido ao mesmo enderezo ao que se remitan os traballos.

2.16. As fotografías gañadoras serán publicadas no calendario municipal coa firma de cada un dos seus autores ou autoras.

2.17. A participación neste concurso supón a aceptación dos termos da convocatoria expostos nas bases da mesma. No caso de que algún dos gañadores ou gañadoras comunique que non acepta estas bases, quedará sen dereito a premio nin publicación no calendario municipal. No suposto de renuncia, o premio pasará á primeira persoa clasificada da “lista de reserva” e, en caso de que esta renunciase, á segunda clasificada da mesma lista, e así sucesivamente.

3. XURADO

3.1. O xurado comporase de sete membros:

- O alcalde ou a persoa na que este delegue.
- Tres membros do Colectivo Fotoxornalistas Coruñeses, un dos cales exercerá a presidencia.
- Tres concelleiros ou concelleiras do Concello da Coruña ou as persoas nas que estes deleguen.

3.2. O presidente ou presidenta do xurado terá voto de calidade naqueles supostos que se consideren necesarios.

3.3 O fallo do xurado será inapelable.

3.4. O xurado seleccionará 12 fotografías de 12 participantes diferentes. Se o xustifica por razóns de calidade, tamén seleccionará 1 fotografía para a primeira páxina. Ademais, seleccionará, por orde de puntuación, outros 6 traballos, que se integrarán na denominada “lista de reserva”.

3.5. O xurado terá que fallar os premios antes do 10 de novembro de 2017.

3.6. O xurado poderá declarar desertos un ou varios premios.

3.7. Os gañadores e gañadoras serán informados do fallo vía correo electrónico.

4. PREMIOS

4.1. Os 12 ou 13 gañadores e gañadoras recibirán como premio un exemplar do libro “Vivian Maier. Street Photographer”, e un ano de acceso gratuíto aos museos municipais da Coruña.

4.2. Os 12 ou 13 gañadores e gañadoras recibirán por correo ordinario 10 exemplares do calendario municipal 2018.